

MARZO 2022

A PEDRADA

REVISTA CULTURAL DO ALUMNADO DO IES PEDRA DA AUGA

As novas más
interesantes do
noso instituto

A arte da man dos
teus compañeiros

Historias das que
nunca oíras falar

8 M

Dia Internacional da Muller Traballadora



NÚMERO2



A PEDRADA

A Pedrada é unha vía de reflexión, unha pedrada que mobiliza as nosas conciencias. Expresión, cultura e información convivirán xuntas neste e nos futuros números.

Porque a arte quita o pó da vida cotiá.

ÍNDICE

NOVAS NO PEDRA	2
HISTORIA OCULTA	9
DEPORTES	11
AO RITMO DA MÚSICA	12
ENTREVISTAS	14
FEMINISMO	17
CIENCIA VIVA	21
MULLERES SILENCIADAS	22
EXPRESARTE	25
OPINIÓN	27
XOGOS MATEMÁTICOS	29

NOVAS NO PEDRA

Cerebro e nutrición

O 31 de xaneiro Carlos Spuch, doutor en Bioloxía e investigador no grupo de Neurociencia Traslacional do Instituto de Investigacións Sanitarias de Galicia Sur, visitou o noso centro para dar unha charla ao alumnado de 3º da ESO sobre o cerebro. Tratou en primeiro lugar, desmitificándoos, algúns dos trastornos mentais máis frecuentes, para centrarse despois na importancia da nutrición, o descanso e o exercicio no desenvolvemento do cerebro e responder, ao remate, algunas cuestións.

A esquizofrenia foi o punto principal da charla. O poñente explicounos que a esquizofrenia é unha enfermidade mental grave, que provoca desorde ou deterioro da capacidade en moitos aspectos psicolóxicos como o pensamento, as emocións ou a vontade. Disto tratou o discurso ata que a profesora de Bioloxía pediulle que falase sobre o efecto das drogas a nivel mental. O investigador explicou que as drogas son substancias que actúan en contra do sistema nervioso central e a nivel cerebral, as drogas actúan sobre os neurotransmisores, alterando ou perturbando o funcionamento da conduta, estado de ánimo e percepción.

Yerai Táboas Sabinol




O entroido

O venres 25 de febreiro o noso Pedra disfrazouse de Entroido.

Vestidos de festa gozamos do brilé e dos bailes cheos de diversión. Noraboa ao alumnado de 4º da ESO A por gañar o 1º premio de baile.

Todo isto foi grazas á vicedirectora Nerea Álvarez pola organización, a Noemí Fernández e a Marcos Ojea polo Photocall, e a todo o profesorado pola súa colaboración.

Moitas grazas a todos/as por ese día inesquecible de convivencia, ledicia e diversión.



NOVAS NO PEDRA



Electricidade segue innovando co seu Proxecto Smart Home

Este curso 2021-2022 os alumnos do 2º curso do ciclo medio de Electricidade están a traballar no seu novo proxecto de innovación, o cal ten como obxectivo facer prácticas e aprender dunha maneira máis divertida. Todos os anos, a Consellería de Educación premia aos mellores proxectos. O centro ten que solicitar o proxecto que quere levar a cabo e se á Consellería lle gusta, concédelle unha dotación económica para facelo realidad.

A iniciativa deste ano chámase “Proxecto Smart Home” onde simulan unha vivenda e a súa instalación eléctrica e domótica con todo tipo de detalles. Levan 5 meses traballando neste proxecto e xa o remataron, o último que teñen que fazer e sacarlle fotos e facer unha memoria sobre el.



Tamén preguntamos aos alumnos que pensaban sobre o proxecto, a súa opinión sobre esta maneira de estudar e que outros proxectos recomendarían. Estas foron as súas respostas:

- “A verdade é que son proxectos bastante entretidos xa que tocamos todo tipo de telecomunicacións e sistemas eléctricos...”
- “Gustaríanos facer un punto de recarga de coches eléctricos que funcione a través dun panel fotovoltaico”.

Ainhoa Ferreira Zeballos|





Parlamento

As mozas e mozos dos ciclos de Administración achegáronse ata Santiago de Compostela o pasado 7 de febreiro para coñecer de primeira man a labor que se realiza no Parlamento, ademáis de realizar unha visita cultural polo casco histórico da cidade.



Feira das ensinanzas profesionais e artísticas

Os días 15 e 16 de febreiro tivo lugar a *Feira das ensinanzas profesionais e artísticas* no complexo deportivo Álvaro Pino en Ponteareas, tras un parón o ano anterior provocado pola pandemia. Alumnado do noso centro e doutros institutos acudiron ao evento para descubrir a oferta educativa de FP máis próxima. O IES Pedra da Auga participou activamente a través dos *stands* de Electricidade e Administración.

Natalia Gómez Losada |





A Auga Radio xurdiu o ano pasado dunha maneira espontánea. As profesoras de Galego Elena Veiga e Charo Pastoriza e o profesor de Física e Química, Marcos Ojea, querían innovar e suxeriron fazer un programa radiofónico como canle para unha pedagoxía máis motivadora, participativa, lúdica e creativa. Nunha sala baleira do instituto formouse a radio. Despois dun tempo, como estaba funcionando moi ben e ao alumnado estaballe gustando participar, decidiuse que a radio formase parte permanente da vida cultural do instituto. Ademais, un dos obxectivos da radio é que os estudiantes aprendan dunha forma máis activa e sexan protagonistas da súa aprendizaxe.

Por outra banda, Elena pensa que o impacto da Auga Radio foi positivo, sobre todo nos cursos más baixos, xa que nestes niveis son más receptivos a participar. Tamén convida aos más maiores e ao profesorado a formar parte da AugaRadio, e suxire a idea de facer unha colaboración coa revista.

Os plans de futuro que ten Auga Radio son que cada vez más xente a coñeza e a escoite, e conseguir que teña difusión máis alá do instituto, como na entrevista con mulleres científicas que saiu á luz o pasado 11 de febreiro polo Día da Muller e Nena na Ciencia.

Por último, para escoitar a nosa Auga Radio podes acceder a través do instagram *orballonopedra*, da páxina web da biblioteca *AugaTeca* ou da páxina web do noso instituto.

Sheila Lorenzo e Sheila García

Logo da Auga Radio
creado por Paula
Barreiro Pérez 3ºESOB



**NOVAS NO
PEDRA**



Coa chegada do novo número de A Pedrada, presentámosvos as novedades literarias que hai na biblioteca, das que podedes gozar nos recreos ou levándoas para a casa. Hai unha gran variedade de xéneros onde elixir:

Del amor y otros demonios, de Gabriel García Márquez: conta a historia da Serva María, unha nena de cabelos longos, vermellos e rebeldes e dos seus amores con Cayetano, un cura, á vez ilustrado e inocente, quen cae rendido de amor, seducido pola presenza misteriosa da nena.

Este libro está enfocado ao alumnado de 4º da ESO ou de Bacharelato.

O Segredo de Al'eume, de Pilar Ortega Pereiro: catro mozas de catro xeracións rebélanse contra as circunstancias da vida que as limitan pola súa condición de mulleres. Nos anos 20, Anita decide aprender un oficio para ter independencia económica. Vinte anos despois, a súa filla, Ana María, loita contra vento e marea.

Escape Game. Viaje en el tiempo, de Aurore Meyer: é un libro interactivo enfocado ao alumnado de 1º da ESO, no que poden disfrutar e xogar mentres len.




Los guerreros del infierno de Harlem, de Max Brooks: os Guerreiros do inferno de Harlem é quizais a primeira novela gráfica que describe un importante episodio da historia afroamericana como foi o heroico comportamento dos afroamericanos que combateron na Primeira Guerra Mundial.

Este cómic está enfocado ao alumnado de Bacharelato.

Agardamos que estas novedades da biblioteca sexan de interese para vós e esperámosvos con ansias e moitos libros!

NOVAS NO PEDRA

Loli Pardo Vázquez |
Marta De Castro Sousa |



Recomendacións literarias

Comedia Bífida


Comedia Bífida, de Manuel Núñez Singala, é un libro teatral que narra a historia dun xuízo celestial que determina o camiño (ceo/inferno) dos protagonistas.

Un punto a favor destacable do libro é o neutralismo cómico co que se expón un tema cotián na nosa sociedade: os prexuízos lingüísticos do galego e como afectan ao seu uso, tanto oral como escrito. O autor demostra a través dos personaxes como estes prexuízos persisten na nosa vida indirectamente, é dicir, sen decatarnos. Por exemplo, temos o caso de Diña, a nai que non quería que o seu fillo aprendese galego porque non serve para nada, só “para falar coas vacas” como di ela. Ou Pepe, o adulto que non damnifica o galego, aínda que só o usa para falar coa profesora de galego da súa filla, conversando cos seus traballadores e mesmo coa súa filla en castelán. Núñez Singala presenta coa súa obra este e outros prexuízos relacionados coa lingua galega, demostrando que os personaxes de San Pedro ou Luci, e nalgúns casos graciosos co Arcanxo, adoitan ter unha razón ilóxica ou case estúpida.

Outro trazo salientable, retomando o tema anterior, pero dende outra perspectiva, é o humor galego. Durante todo o libro fanse constantes mencións aos tópicos galegos, como a rivalidade entre Vigo e Coruña, presentada coas siamesas Lina e Lana, xa sexa entre os equipos de fútbol (Depor/Celta), nos monumentos de cada cidade ou coa forma de falar de ambos lugares.

Para finalizar, vou presentar a miña teoría sobre o personaxe de Luci. Este representa ao demo Lucifer nunha versión diferente. O que resulta máis importante ou destacable, é que quen defende o galego sexa o Demo e non o Arcanxo. A día de hoxe os prexuízos galegos están tan arraigados na nosa sociedade que incluso os aceptamos e defendemos, converténdonos nos viláns dunha historia non contada.

Gala González García



HISTORIA OCULTA

Saúde Mental: non estás só

“A saúde mental é un estado de benestar no cal o individuo é consciente das súas propias capacidades, pode afrontar as tensións normais da vida, pode traballar de forma produtiva e frutífera, e ser capaz de facer unha contribución á súa comunidade”.

(Organización mundial da saúde)

Para moitas persoas, a saúde mental só abrangue as enfermidades sicolóxicas ou siquiátricas, sen decatarse que é moito máis ca iso.

A saúde mental plena non consiste en evitar afeccións activas, senón tamén en coidar o benestar e a felicidade continuos.

É primordial poder ofrecer ferramentas para poder axudarnos a manter unha boa saúde mental, tendo en conta que no mundo un de cada sete rapaces de 10 a 19 anos padece algún trastorno mental, o que supón o 13% da carga mundial. Estes problemas poden xerar consecuencias que se estenden ata a vida adulta e que poden afectar a saúde física e mesmo restrinxir as súas posibilidades de levar unha vida plena no futuro.

Por iso debemos falar do tema.

Durante moitos anos, e aínda a día de hoxe, os trastornos sicolóxicos non foron valorados pola sociedade, e as persoas que os padecemos sufrimos en silencio.

Un lugar integrado por adolescentes, como é un instituto, pode ser un foco de problemas sicolóxicos, xa que a adolescencia é unha etapa vulnerable na que conformamos as nosas capacidades sociais para enfrentarnos ao mundo; por isto é importante contar cunha contorna favorable e de protección na familia, na escola e na comunidade en xeral.



Actualmente un dos trastornos más frecuentes é a ansiedade, un sentimento de medo, temor e inquietud. Non é nada do que avergoñarse; todos nalgún momento da nosa vida chegamos a sentir esa forte sensación de estar a cometer un erro, medo ao fracaso talvez, ou simplemente pavor a un exame.

Existen moitas técnicas para poder superar a ansiedade; porén no caso máis drástico a axuda terapéutica é a mellor solución.

Por outra banda, están os coñecidos ataques de ansiedad que son “unha resposta do organismo ante situacións límites. Caracterízanse por unha sensación de angustia ou medo, pola aceleración do ritmo cardíaco, da respiración ou aumento da suor.

Os seus síntomas inclúen: palpitacións ou elevación da frecuencia cardíaca (taquicardia), sensación de afogo, respiración rápida, opresión no peito, medo ou pánico (literalmente sentirse morrer), suor ou calafríos, tremores, náuseas ou molestias abdominais, mareo ou mesmo desmaio, sensación de irrealidade, sensación de entumecemento ou formigo. A sintomatoloxía pode variar en cada persoa.

Existen moitas técnicas para controlar a ansiedad ou un ataque, como por exemplo respirar profundamente, pechar os ollos, buscar un obxecto no que enfocar a nosa atención, imaxinar un lugar feliz, repetir un mantra...

Con respecto á saúde mental, en xeral é importante armarnos de valor e ter a forza para poder confiar nas persoas do noso arredor, antes de caer nalgún tipo de trastorno que poida dificultar máis as cousas co tempo. Sincerarnos e falar dos nosos sentimentos e, no caso extremo de ter pensamentos recorrentes sobre o desexo de facernos dano, poñernos en mans dun profesional que poida evitar traxedias a longo prazo. Da mesma maneira ocorre con respecto a trastornos alimentarios.

Debemos ser fortes e falar sobre a saúde mental, deixar de ocultalo coma se fosse algo vergoñento. Todos necesitamos axuda ás veces na vida. Temos que aprender a escoitar como nos sentimos, ser sinceros e abrirnos cara á axuda. Non ten nada de malo necesitar apoio sicolóxico, non é cousa de tolos.

Lucía Marino Iglesias



DEPORTES

Alexia y la otra cara del fútbol

Alexia Putellas es una centrocampista de 28 años que juega en primera división femenina con el F.C Barça. Nació en Mollet del Vallès, Barcelona el 4 de febrero de 1994.

Alexia siempre fue una apasionada del fútbol. Con 3 años jugaba a la pelota en la plaza del ayuntamiento y a los 7 años fue fichada por el Mollet. Por desgracia, esto la convirtió en objeto de burla por parte de sus compañeros por ser una niña a la que le gustaba el fútbol. La joven Alexia se quejó a sus padres y estos la inscribieron en el equipo femenino del CE Sabadell, donde estuvo desde el 2001 al 2005.

Solo con 12 años, Alexia fue seleccionada por el Barça, lo que llenó de orgullo a sus padres, pero hubo un cambio con la ley de fichajes de infantil y cadetes, por lo que tuvo que abandonar la cantera blaugrana para irse a jugar al Espanyol, donde permaneció desde 2006 al 2011 en el primer equipo. Un año después se pasó al Betis, donde estuvo una temporada en la que consiguió marcar 15 goles en 34 partidos.

El talento de Alexia no pasaba desapercibido, y en 2012 el F.C Barça la volvió a llamar. También fue jugadora en la selección española desde 2009.

A su lista de logros se añaden el conseguir un triplete con la Liga, la Copa y la Champions, y haber ganado el pasado 29 de noviembre de 2021 el tan aclamado Balón de Oro, convirtiéndose así en la primera mujer española y la tercera en recibirlo en todo el mundo, ya que estos premios solo se entregan a las mujeres desde 2018, siendo la noruega Ada Hegerberg la primera galardonada

Sin embargo, a pesar de sus logros, no todo en la vida de Alexia fue fácil. A parte del ya mencionado hecho de que se metían con ella por ser mujer y jugar al fútbol, a sus 18 años falleció su padre Jaume quien desde un principio fue su más grande apoyo y su mayor fan.

Desde pequeña le transmitió los valores fundamentales del deporte y fue a él y a su hermana a quienes Alexia dedicó el Balón de Oro. Por todos estos motivos es por los que mucha gente considera a Alexia Putellas un ejemplo de superación, y como ella misma dijo en su discurso al recibir el galardón:

"Quiero que este premio sea un antes y un después. El Barça es un ejemplo de que ha habido un proyecto, una inversión, un éxito. No hay excusa para que todo el mundo tenga el derecho a poder soñar con ser futbolista y hacerlo con condiciones dignas para ser profesional".



A O R I T M O D A M Ú S I C A

As Tanxugueiras

As Tanxugueiras son un trío de pandeireteiras galegas, formado por Aida Tarrío e as xemelgas Olaia e Sabela Maneiro.

O grupo comezou como Tanxugueiras no 2016, áinda que xa facían música algúns tempo atrás. O nome provén da toponimia: trátase dun nome dado a fincas nas que hai teixugos, que na zona de Fumaces, municipio de Riós (provincia de Ourense) se lles denomina “tanxugos”, de aí a forma “tanxugueira”. Son fincas que adoitan estar preto das aldeas e teñen a connotación de lugares seguros, aos que non accédía o lobo.

A súa música ten como base o xénero tradicional galego, tratando de achegar unha sonoridade máis moderna que a aproxima ao estilo da world music e do pop. Progresivamente van fusionando a música tradicional con sons próximos ao trap e a música electrónica. Así o seu tema *Figa*, en 2021, ten moita repercusión.

Este ano 2022 supuxo a súa explosión mediática, ao ser escollido o seu tema *Terra*, baseado no ritmo tradicional da muiñeira, para competir no Benidorm Fest. O gañador representaría a España en Eurovisión, mais, finalmente e tras unha polémica decisión do xurado, quedaron na terceira posición, a pesar de acadar o primeiro posto na votación popular.

O grupo ten dous discos publicados, e un terceiro que sairá este ano. O primeiro (2018) chamáronno *Tanxugueiras*, e gañou o premio MIN de disco en galego (2018) compúñase entre outras, das seguintes cancións: *Ai a ribeira*, *Non cho sei*, *Aldeíña de Moscoso*, *Bembibre*, *Tanxugueiras*

A mediados de 2019 recibiron o Premio Martín Códax da Música na categoría de música tradicional galega e folk.



O segundo disco, *Contrapunto*, foi recoñecido como un dos mellores díscos do World Music Charts Europe, compúñase das seguintes cancións: *Autocracia*, *Albedrío*, *Perfidia*, *Irmandade*, *Miña Nena*, *Miña Nai*, *O querer*, *Malquerenza*, *Desposorio* e *Maltraer*.

Despois da publicación dos seus discos lanzaron as cancións: *Midas*, *Figa*, *Terra ou Averno* ft *Rayden*.

Tanxugueiras tamén colaborarou noutras cancións como: *Pobo de Artistas* (Dakidarria ft Tanxugueiras, O Rabelo), *Cultura Crítica* (Nao ft Tanxugueiras, SonDaRúa) ou *Cambia Todo* (Muerdo Music ft Tanxugueiras)

Tanxugueiras nos seus directos son moi potentes e non deixan a ninguén indeferente, ademais, enfatizan temas como o empoderamento da muller. Son un orgullo para a nosa terra!

Daniel Rodriguez Ledo |



ENTREVISTAS

María Domínguez, a primeira directora de orquestra titulada en Galicia

Nesta ocasión, esta revista tivo a sorte de entrevistar a María Domínguez, a primeira muller galega e ponteareana titulada en dirección de orquestra e coro, ademáis de composición musical, piano e canto. Un exemplo de esforzo e superación.

1. Actualmente a que te dedicas?

Son directora e compositora, pero compaxino estes traballos con cantar e dar clases de música a nenos.

2. Por que decidiches estudar profesionalmente música e que estudios cursaches?

Nacín no seo dunha familia musical co meu pai de referente (Julio Domínguez), e medrei rodeada de coros, directores, compositores e concertos. Así que, dende que teño consciencia, a miña vida sempre estivo moi ligada á música. Empecei a cantar nun coro infantil (Camerata Peque) con tan só dous anos e actualmente sigo formando parte dese mundo, cantando e dirixindo diversas agrupacións. Pouco despois empecei os estudos elementais de piano no CMUS de Ponteareas e finalicei o profesional no CMUS profesional de Tui. Ao rematar piano quería estudar dirección, pero aínda non había esa especialidade en Galicia, así que decidín facer o superior de Composición no Conservatorio Superior de Vigo, á vez que iniciaba os estudos profesionais de canto.

Unha vez concluíñ en Vigo, mudeime a A Coruña para facer o superior de Dirección. Á vez, fun bolseira para cursar o mestrado en dirección sinfónica e vocal no Centro Superior Katarina Gurska de Madrid. Nese tempo, compaxinaba vivir, estudar e traballar en dúas cidades á vez: A Coruña e Madrid, unha loucura!

Acadei os títulos profesionais de Piano e de Canto, os superiores de Composición e Dirección, e o título de mestrado en Dirección Sinfónica e Vocal. Non obstante sigo sendo unha apaixonada da música e de aprender.



3. Por que dirección de orquesta?

Sempre tiven claro que quería dedicarme á música, pero supoño que non sabía ben en cal das súas vertentes. A primeira vez que vin en directo dirixir a unha muller a nivel profesional foi cando coñecín á directora e pedagoga estadounidense Tamara Brooks, sendo eu unha nena de 11 ou 12 anos, nun curso de verán que agora leva o seu nome na súa memoria (curso Tamara Brooks). Ela, quizáis sen saberlo, sementou en mi unha inquedanza pola dirección, pola conexión con outras persoas, por facer música xuntos e a maxia que iso leva. Tamara cambioume a vida a mi e a moita xente, e estareille sempre agradecida. A partir de aí empecei a dirixir nestes cursos de verán, e a miña curiosidade pola dirección de coro e orquesta foi medrando. Sempre existiu dentro de mi un sentimento moi grande de compartir o meu mundo interior, a miña visión da música, de ensinar as miñas ideas a outra xente e de liderar un grupo; así, atopei na dirección de orquesta un lugar onde reflectir todo iso.

4. A dirección é un mundo masculino, como foi para ti estudar nese ambiente?

A reivindicación e a loita inevitablemente tiveron que acompañarme durante toda a carreira, e supoño que me seguirán acompañando durante toda a vida. Estudar nun mundo no que a xente segue pensando que só un xénero é válido para esa profesión é moi duro e, ás veces, incluso frustrante ou desesperante. Vivín situacións moi desagradables e topei con profesores que seguen aferrados a que as mulleres, polo feito de ser mulleres, non podemos liderar ou somos débiles e delicadas. Recordo que, nunha masterclass de dirección en Madrid, un profesor ruso, diante de toda a orquestra, me dixo que dirixía moi ben, mais tiña un grave problema: “es unha muller”. Esas palabras fixéronme chorar e reflexionar durante tempo, porén servíronme para facerme máis forte.


Aquí en Galicia fun a primeira muller en comezar a carreira de Dirección, e aínda son a única titulada. Tiven moito que loitar e o único que espero é que moitas outras non se queden polo camiño e sigan loitando detrás de mi. Son consciente de que por ser muller terei moitas menos oportunidades. Deberei demostrar moito más, esforzarme más, formarme más e, aínda así, nunca será suficiente, empioriso intento dar visibilidade nas redes sociais a todo isto, e que se fale para que a xente tome consciencia.

5. Pensas que o mundo da música segue tinxido de machismo?

Por desgracia si, e na música clásica onde máis. Segue habendo roles de xéneros ligados a instrumentos, profesores que abusan do seu poder, moitísimas menos mulleres nas plantillas das orquestras profesionais. Case non se coñecen compositoras nin se programan as súas obras, e aínda que máis mulleres rematamos os estudos superiores de música cada ano, son eles os que ocupan as prazas, os podios e os altos cargos.

6. Consideras que as mulleres temos un teito de cristal na arte?

Supoño que en certo modo xa respondín a esta pregunta, pero si, por desgraza o teito de cristal e a brecha salarial seguen estando na música e na arte, porque non deixan de estar na sociedade en xeral.



Aínda que me gusta pensar que é algo que pouco a pouco vai cambiando, e que cada vez son más as mulleres que se empoderan e rompen ese teito.

7. Alguén foi para ti un modelo de inspiración para acadar os teus obxectivos?

Sen dúbida si, e creo que é moi importante poder ver os nosos soños a través dos ollos de alguén que xa viviu algo similar e que nos inspira e alenta a seguir adiante. No meu caso creo que houbo tres persoas clave: a primeira o meu pai, porque me ensinou o especial da música e sempre vin nel un exemplo a seguir; a segunda, a directora e pedagoga estadounidense Tamara Brooks, que, cando eu tiña 12 anos, me axudou a descubrir a miña verdadeira vocación: a dirección musical; e, a última, a miña amiga e directora Irene Gómez-Calado. Con ela fun medrando e aprendendo a loitar e a abrirme camiño nun mundo que áinda ten moito que cambiar con respecto á muller. Aínda así, paralelo a todo isto, fun investigando e coñecendo a moitas directoras no mundo que me inspiran cada día.

8. Que é para ti a música?

Supón que sinto que a música forma parte de min, é onde me sinto cómoda, a miña casa, onde son eu mesma e me libero. Sinto que coa música podo reflectir a miña personalidade e experiencia, que vai cambiando coas miñas vivencias, coa madureza que vou adquirindo e cos meus sentimentos e emocións de cada momento. Unha forma de mostrar o meu mundo interior.

9. En que lugar cres que se atopa a música e as artes neste país?

Un lugar onde as artes como a música, a danza, a arte dramática ou as artes audiovisuais non se estudan na universidade xa di moito do lugar que ocupa, menosprezada e infravalorada en moitos aspectos. As artes deberían ser algo importante nos plans de estudos, xa que fomenta a imaxinación, a creatividade e a capacidade crítica dende a infancia. Isto é algo que intento inculcar aos nenos nas miñas clases. A arte é un modo de expresión libre que forma parte fundamental da cultura e do folclore dun país e que debemos entender, apoiar, fomentar, valorar e coidar moito máis do que o facemos.

10. Cales son os teus futuros proxectos profesionais?

Teño bastantes datas pechadas para dirixir concertos aquí en Galicia este 2022, pero si que me propoño viaxar e atopar lugares onde valoren o que fago. Estou intentando conseguir unha bolsa para facer prácticas noutro país de Europa, mais se algo teño claro é que o meu futuro está enriba dun escenario.

11. Que consello lle darías ás mozas que queren dedicarse á música?

Que non se rindan, que soñen sempre e non deixen que outros decidan o seu.

Moitas grazas polas túas palabras! Desexámoste desde A Pedrada moita sorte e forza par cumplir os teus proxectos. Ata sempre!

FEMINISMO



PAN E ROSAS

A Revolución Industrial, xunto coa transformación da economía e o modo de traballo, trouxo consigo un dos maiores problemas para as mulleres da época: a explotación; ningunha lei as amparaba das condicions pésimas de traballo.

O 8 de marzo de 1857, as mulleres empregadas na industria textil, chamadas “garment workers”, organizaron unha folga na que demandaban salarios xustos e condicóns de traballo dignas. Esta folga foi reprimida pola policía e moitas das manifestantes foron detidas.

Dous anos máis tarde creouse o primeiro sindicato que pelexou polos dereitos das mulleres.

O 8 de marzo de 1908, 15.000 mulleres tomaron as estradas de Nova York esixindo o sufraxio universal, o aumento dos soldos, a redución do número de horas laborables e a prohibición do traballo infantil.

Baixo as voces a coro berrando: “Pan e Rosas”, demandaban unha mellora económica (Pan) e un aumento da calidade de vida (Rosas).



Nova Zelanda foi o primeiro país que deu un paso cara adiante e permitiu votar ás mulleres en 1893.

Por outra banda, no 1910, en Copenhague, celebrouse unha conferencia internacional propulsada por Clara Zetkin, e o 19 de marzo de 1911 conmemórase por primeira vez o Día Internacional da Muller en varios países de Europa e EEUU.

Nese mesmo ano, o incendio da fábrica Triangle Shirtwaist en Nova York levouse as vidas de máis de 100 traballadoras textiles, mulleres e inmigrantes de Europa do leste e de Italia. A dor da perda impulsou a moitas mulleres a permanecer na causa.

Ao outro lado do mundo, en Rusia, tras caer a monarquía tsarista as mulleres levaron a cabo folgas para conseguir finalmente o voto o 8 de marzo de 1917.

Tras a Segunda Guerra Mundial eran cada vez máis os países que recoñecían o Día da Muller. Finalmente, no ano 1975, as Nacións Unidas estableceron o 8 de marzo como o Día Internacional da Muller Traballadora.

Hoxe son moitas as persoas que non consideran necesario seguir erguéndonos para encher as calles e alzar as pancartas polos nosos dereitos, porén a violencia cara as mulleres permanece presente na sociedade, no mundo laboral e mesmo na sanidade coa violencia obstétrica (faltas de respeito na vontade das mulleres nos seus propios partos), aínda que insistan en negalo.

Este 8 de marzo, e todos os que sexan necesarios, tanto os homes como as mulleres que buscamos a igualdade, colmaremos as rúas, como pinceladas de cor violeta, para loitar polas que non puideron e berrar por todas aquelas que silenciaron.

Pan e rosas!

Alcira Borges Carreras |



AS MULLERES NO ISLAM

Segundo o libro sacro do Islam, o Corán, os homes e as mulleres son considerados iguais, aínda que a alma da muller creouse da do home. Pero, é realmente así? Credes que os musulmáns consideran ás mulleres iguais ca eles?

A continuación veremos algunas diferenzas do que se lle esixe ao home e o que se lle esixe á muller nesta relixión.

Unha clara diferenza que podemos ver é que as mulleres sempre cobren o seu corpo, e nalgúns ocasions mesmo o seu cabelo, pero os homes non adoitan facelo, ou polo menos non están obligados a iso. É obrigatorio que a muller use o hijab ou veo para cubrirse? Ben, o Corán non di que a muller deba usalo, pero especifica que a muller debe manter a súa modestia, a súa decencia e a súa pureza, e por iso nalgúns países islámicos esíxeselle cubrirse sen deixar nin sequera que se opoñan.

Nunca vos preguntastes se as mulleres poden rezar no mesmo lugar que os homes? Ou se poden convivir con eles en festas típicas musulmás onde adoitan reunirse moitos homes? A resposta é non, as mulleres non poden rezar na mesma mesquita que os homes, e tampouco poden compartir xuntos festas especiais. No caso das vodas, por exemplo, os homes e as mulleres comen en salas separadas e bailan e charlan a parte, nunca xuntos. Lembremos que a muller ten que manter o seu papel de “pura”.

Outra diferenza clara entre homes e mulleres musulmáns é que ao home permítesselle practicar a poligamia, é dicir, permítesselle ter máis dunha esposa, pero que unha muller teña máis dun marido é pecado no Corán. De feito, que unha muller se divorcie do seu home está moi mal visto nesta relixión, e é probable que non volva casar.



Unha atrocidade á que se somete á muller islámica é a mutilación xenital, que aínda que xa non se practica tanto, segue presente en moitos países musulmáns como India, Paquistán, Emiratos Árabes Unidos, Iemen, Omán, Indonesia, Malaisia, Sri Lanka, Iraq e Palestina. A mutilación ou ablación xenital feminina é a castración que se realiza a unha muller ou a unha nena co obxectivo de alterar ou lesionar os seus órganos xenitais sen que existan razóns médicas que o xustifiquen, co obxectivo de suprimir o pracer sexual, ademais da crenza de que garante o futuro matrimonio das nenas e a honra das familias. Case sempre implica a extirpación parcial ou total dos xenitais externos. Algunhas persoas asóciana con crenzas relixiosas, aínda que non existen textos relixiosos que obriguen a practicala.

Polo tanto, aínda que o Corán di que homes e mulleres son iguais, a realidade non é así. Á muller trátaselle diferente, coma se fose inferior, e esíxaselle máis que ao home. Nalgúns países non poden exercer ningunha profesión, nin traballo, máis aló do coidado da familia; nin sequera poden saír soas á rúa sen a compañía dun home.

Actualmente a situación está a mellorar, mais aínda vemos moiás desigualdade nesta relixión.

Para algúns musulmáns, a muller non é nada sen un home. Non podemos esquecer a situación que están a vivir as mulleres actualmente en Afganistán; despois de levar unha vida en liberdade foron privadas dos seus dereitos básicos.

Certo é, tamén, que todas as relixións son machistas, pero o exemplo máis claro é o Islam.

E ti? Que opinas sobre o trato que se lle dá á muller no Islam? Considéralo machismo ou cres que non é para tanto?



| Lucía Sousa Márquez

Marta De Castro Sousa |

CIENCIA VIVA

MARISOL SOENGAS



Nació en 1968 en Agolada, Pontevedra. Es una científica bióloga española especializada en microbiología y, además, una prestigiosa investigadora a nivel mundial en la lucha contra el cáncer de piel más común, pero también el más letal, el melanoma. Es directora del grupo de Melanoma, en el Centro Nacional de Investigaciones Oncológicas.

Ya con cinco años quería ser científica. Estudió la carrera de biología en la Universidad de A Coruña, y posteriormente, obtuvo su doctorado en microbiología por la Universidad Autónoma de Madrid con su tesis sobre la "Caracterización estructural y funcional de la proteína de unión al ADN de la cadena sencilla del bacteriófago". En 1997 fue investigadora en el Laboratorio Cold Spring Harbor. Allí se especializó en los mecanismos de la muerte celular. Entre 2002 y 2008 trabajó en la Universidad de Michigan, donde sufrió el paternalismo de su director de departamento por ser mujer y joven, por lo que en 2008 regresa a España y se convierte en directora del grupo de Melanoma del Centro Nacional de Investigaciones Oncológicas, donde se realizan avances en la lucha contra el cáncer, centrándose en el cáncer de piel y los melanomas. Es decana de asuntos científicos de dicho Centro.

En 2017, el equipo que dirige logra desarrollar unos modelos animales (ratones bioluminiscentes) que han denominado MetAlert porque son los primeros que permiten visualizar el camino para diseminar un tumor. Esto trabajo fue reconocido como la investigación médica del año 2017 por la revista científica "Nature". La doctora Soengas ha recibido numerosos reconocimientos a lo largo de su carrera, como ejemplo: El Premio Constantes y Vitales, una iniciativa de la Sexta y Fundación AXA a la Publicación Biomédica más Relevante de 2017, el Premio Exclusivas de Galicia (2017) o el Premio Placa de Honor (2018).

En el año 2019 recibió la Medalla Fritz Anders de la European Society for Pigment Cell Research (ESPCR), que reconoce a los investigadores e investigadoras más relevantes en el campo del melanoma. Ha sido Top 100 Mujeres Líderes en España en los años 2018 y 2019 por Mujeres & Cia y nombrada miembro de la Academia Gallega de Farmacia y de la Real Academia de Farmacia de España.

Por último, el año pasado fue elegida vicepresidenta de la Asociación Española de Investigación sobre el Cáncer (ASEICA).



MULLERES SILENCIADAS


Mileva Marić

Siempre nos han contado la misma historia sobre Albert Einstein, la del genio brillante que desarrolló algunas de las teorías más importantes de nuestros tiempos, como la Teoría de la Relatividad. Con esto no queremos decir que Einstein no fuese un genio, pero, ¿y si el mérito de algunos de sus descubrimientos no es solo suyo y la historia vuelve a dejar de lado a las mujeres implicadas? O en este caso a la mujer implicada.

Mileva Marić nació en 1875 y fue una matemática serbia que, si a alguien le suena el nombre, seguramente sea porque fue la primera mujer de Albert Einstein. El matrimonio se conoció en el Instituto Politécnico de Zúrich, ahora denominado ETH.

Gracias a las cartas que se intercambiaron entre ellos y con otros estudiantes, se sabe que muchos compañeros describían a Mileva como brillante, pero callada. Estas cartas también desvelan que Einstein y Mileva colaboraron desde que se conocieron en 1896 hasta que se separaron en 1914. Ella lo ayudó a canalizar su energía y guió sus estudios según lo que Albert escribió en dichas cartas entre los años 1899-1903. Al finalizar sus clases en 1900 ambos tuvieron calificaciones similares (4'7 y 4'6 sobre 5), excepto en física aplicada, donde Mileva sacó un 5 y Albert solo un 1.

Gracias a cartas descubiertas que se intercambió el ex-matrimonio y a otras muchas que Mileva envió a sus amigas, se sabe que ambos trabajaron juntos en la famosa “Teoría de la Relatividad”, por ejemplo cuando Albert le dice a Mileva “Encuentro que el trabajo que hacemos juntos es muy bueno” y otras muchas en las que habla de “nuestro trabajo” o “nuestra teoría”. Además, según la madre del propio Einstein, Mileva no podía formar parte de la vida de su hijo porque no era ni judía ni alemana, y era demasiado intelectual.



En el año 1900 presentaron su primer artículo sobre la capilaridad, sin embargo sólo fue firmado bajo el nombre de Albert. No obstante, en otras cartas entre ambos se ve como se refieren a ese artículo otra vez en plural, y la propia Mileva le envió una carta a una de sus mejores amigas diciéndole “Enviaremos una copia privada a Boltzmann para ver lo que él piensa, y espero que nos responda”. De la misma forma, Albert le escribió a Mileva diciéndole que un amigo suyo había visitado a uno de los físicos más influyentes de Italia en la época y que le había entregado “nuestro” artículo.

Pero entonces, ¿por qué se publicó el artículo solo bajo el nombre de Albert? Varios estudios han revelado que esta fue una decisión conjunta por dos motivos:

Primero, para ayudar a Einstein a crearse un nombre, que así encontrase trabajo y que por fin la pareja se pudiese casar, ya que Albert se negaba a casarse con Mileva sin encontrar un trabajo primero.

Y segundo, porque un trabajo que rompiera los esquemas de la física del momento, firmado con el nombre de una mujer, le habría dado menos peso a causa de los prejuicios que había contra las mujeres.

La vida de la matemática dio un giro de 180° cuando se quedó embarazada y aún no estaba casada con Albert. En el mismo año de 1901, Mileva se volvió a presentar a un examen oral, el último para acabar su carrera, con el profesor Webwe, quien Albert creía que la había suspendido anteriormente a propósito para bloquear su carrera, pero esta vez el resultado no fue distinto y volvió a suspender.

Con todo esto Mileva abandonó la facultad y fue a hablar con Albert para convencerlo de que se casaran aunque este no tuviera trabajo, mas Albert se negó. Mileva dió a luz en enero del año siguiente, pero no se sabe nada más de la hija que tuvieron.

No fue hasta un año más tarde, el 6 de enero de 1903 cuando la pareja se pudo casar. Albert trabajaba 8 horas al día, seis días a la semana y Mileva asumió las tareas domésticas. Sin embargo, durante la noche ambos trabajaban juntos y es a esto a lo que se puede atribuir el “año milagroso” de Einstein, donde publicó gran cantidad de artículos y teorías y consiguió desarrollar su famosa fórmula E=mc².



Es a partir de este momento cuando la vida de Mileva quedó eclipsada por la de su marido, por lo menos hasta 1919, cuando el matrimonio se divorcia, con una cláusula que indicaba que si Albert recibía el Premio Nobel, sería ella la que se quedaría con el dinero.

Y esto nos hace reflexionar: ¿acaso Einstein le daría la importante suma que supone el Premio Nobel a su ex-mujer porque sí?

Las discusiones del ex-matrimonio no acabaron con su divorcio; años más tarde, Mileva amenazó a Albert con decir la verdad si este le daba el dinero del Nobel a sus hijos (los que tuvo con Mileva y con su segunda mujer), a lo que Albert respondió:


“Me hiciste reír cuando empezaste a amenazarme con tus recuerdos. ¿Alguna vez has considerado, aunque sea por un segundo, que nunca nadie prestaría atención a lo que dices si el hombre del que hablas no hubiese logrado algo importante?. Cuando alguien es completamente insignificante, no hay nada más que decirle a esa persona, sino permanecer modesto y silencioso. Esto es lo que te aconsejo que hagas”.

Y así lo hizo Mileva, vivió una vida en silencio.



EXPRESARTE

A ARTE QUITA O PÓ DA VIDA COTIÁ




El presente es un limbo entre lo que ya hemos vivido y los minutos que nos quedan por respirar. Cada instante, una fotografía en el mármol de la realidad. Tan efímero y, al mismo tiempo, tan constante. Caminamos paralelamente junto a él, y cuando queremos alcanzarlo, se resbala como agua entre nuestros dedos.

Alcira Borges Carreras |

PENSAR

Pensar es muy difícil
y dificulta mi vivir.
Pensar es muy difícil
y de esa forma evito crear.
Pensar me provoca
cuestionarme el porqué
de todas las cosas que quiero vivir.
Pensar es muy difícil
eso ya lo sé.
Para llegar a esta conclusión,
tuve que pensar,
como no.



Lucía Marino Iglesias |

Davinia Groba Álvarez |



Alcira Borges Carreras |

OPINIÓN

LA GUERRA, UN CAMINO A LA DESTRUCCIÓN

La amnesia colectiva nos ciega. Está en nuestra naturaleza el egocentrismo.

Nuestro sentimiento individualista se ha llevado a los extremos del pensamiento. Vivimos sin tener en cuenta nada que no exceda de nuestra casa, nuestra familia, nuestro, nuestro... nos dan igual las situaciones ajena a nuestro microcosmos.

Actualmente existen 51 conflictos bélicos activos. Asia, África, América del Sur y Europa sufren la pérdida de seres humanos por culpa de las órdenes de aquellos que mueven las piezas del tablero de ajedrez sin mancharse las suelas de los zapatos. Con el comienzo de la guerra en Ucrania, en toda Europa ha aflorado el miedo. La amenaza a la realidad que conocemos contribuye al sentimiento de histeria colectiva que estamos sufriendo; el temor se apodera de nuestra mente, nos obnubila y despierta un odio irracional hacia el país que prendió fuego a la mecha, y así hoy los rusos sufren una culpa que no debe adjudicarse al pueblo en sí, sino a las ideas y motivos egoístas que rozan la banalidad del mal y destruyen la vida de miles de inocentes.

Desde la Guerra Fría, a pesar de que Europa no sufriese ningún conflicto bélico, las guerras en otros continentes no han dejado de sucederse, arrebatando las vidas de millones de personas, mientras mirábamos hacia otro lado. Es sorprendente que sea justo ahora, el momento en el que nuestros intereses económicos se ven amenazados, cuando denunciamos la guerra ucraniana.

El egoísmo no tiene límites, y la naturalización de la violencia se acaba cuando se desafía la comodidad del capitalismo que sustenta nuestro aparente “bienestar”.



Después del convulso siglo XX, infectado de numerosas conflictos (Guerra Russo-Japonesa, Revolución Rusa, Revolución Mejicana, Guerra Italo-Turca, Guerra de los Balcanes, Primera Guerra Mundial, Genocidio Armenio, Griego y Asirio en el Imperio Otomano, Guerra Civil Finlandesa, Guerra Civil China, Guerra Civil Española, Segunda Guerra Mundial, Holocausto Nazi, Guerra de Vietnam, Guerra de Angola, y un largo etcétera), no hemos aprendido nada, continuamos con la violencia para el sometimiento y control de inocentes; y la responsabilidad no únicamente reside en quienes dan las órdenes, sino también en quienes las acatan sin reflexionar sobre las terribles consecuencias: la muerte de millones de seres humanos, la destrucción de la ética, la pérdida de la empatía y que la esperanza de poder vivir en paz sea solo una quimera.

Actualmente, por el camino de las democracias entran partidos políticos cuyos ideales atentan contra las libertades de las personas, sumando cada día más votantes y amenazando los derechos conseguidos. Mientras existan personas que se consideren superiores a otras etnias o minorías, e intenten llegar al poder, nunca conseguiremos la paz.

Afganistán, Etiopía, Arabia Saudita, Birmania... son algunos de los países que sufren conflictos armados que siguen activos desde comienzos de siglo o incluso antes. Cada uno de ellos alcanzan un total de víctimas que supera las 10.000 muertes al año. ¿Cuántas personas más tienen que morir para que toda esta destrucción cese; para que comencemos a reflexionar y a ponernos en el lugar del otro?

Es desalentador darnos cuenta de que solamente hablamos y denunciamos un conflicto cuando afecta a nuestros intereses, cuando se pone en peligro la comodidad de nuestra vida, nuestro espacio de confort. El egoísmo nos caracteriza, y está en nuestra mano abrir los ojos y despertar.

Alcira Borges Carreras |



XOGOS MATEMÁTICOS

CÓDIGO:





--	--	--


291	Unha cifra é correcta e está ben colocada
245	Unha cifra é correcta pero está mal colocada
463	Dúas cifras son correctas pero están mal colocadas
578	Ningunha é correcta
569	Unha cifra é correcta pero está mal colocada

6	+			=	14
+		+			+
	+			=	
=		=			=
	+	17	=	30	

REGRAS: Completa os números correctos para que se cumpran todas as operacións.



Canto vale cada figura?



Que número falta no último triángulo?

EQUIPO DE REDACCIÓN



| **Alcira Borges Carreras**
Maquetación, portada



| **Carolina López
Galego**



| **Ainhoa Ferreira
Zeballos**



| **Lucía Marino
Iglesias**



| **Lucía Espiñeira Villar**



| **Daniel Rodríguez
Ledo**



| **Marta De Castro Sousa**



| **Joana Sotelino
Troncoso**



| **Davinia Groba Álvarez**



| **Lucía Sousa
Márquez**



| **Sheila García**



| **Sheila Lorenzo
Dominguez**

A PEDRADA

AGRADECIMENTOS

Grazas a Paula Carreras Silva e a Xosé Lois Gómez García por dirixir e facer posible este proxecto. Grazas aos departamentos de Música, Matemáticas e Xeografía e Historia; á biblioteca, a Natalia Gómez Losada do Departamento de Administrativo e, por último, moitas grazas ao equipo directivo por apoiar e fomentar a creación desta revista e darnos voz ao alumnado do Pedra da Auga.